


pablo bouza

OS  
privilexios  
dos  
sommánmbulos



1º PREMIO XXXIX EDICIÓN CERTAME LITERARIO



*Concello de Vilaíba*

**alvarellós**  
EDITORA

Terei que contarvos a verdade:

teño 43 anos,  
2 fillos adolescentes,  
xa non decido a forma do meu peiteado,  
cando miro atrás vexo moitos mortos,  
os trienios acumúlanse na miña nómina,  
conducín coches que xa son históricos,  
repito cada vez máis as miñas historias,  
medran hedras nas pedras dos meus lugares,  
cantaruxo cancións de vellos vinilos,  
recoñezome nos erros do pasado,  
sigo a porfiar coas vellas manías,  
trátanme de vostede os amigos dos meus fillos,  
levo no meu peto un pen drive  
coa desconfianza do que agocha un pecado.  
(...)

PABLO BOUZA

Do poema «Futuro hipotético».



[alvarelllos.info](http://alvarelllos.info)



*Libros do Sarela*



OS PRIVILEXIOS  
DOS SOMNÁMBULOS

*OS PRIVILEXIOS DOS SOMNÁMBULOS, de Pablo Bouza Suárez,  
obtivo no ano 2013 o Primeiro Premio da XXXIX Edición  
do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).  
O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado  
(presidente), Darío Villanueva Prieto, José Jesús Ramos Ledo,  
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

PABLO BOUZA

OS PRIVILEXIOS  
DOS SOMNÁMBULOS



*Concello de Vilaíba*

**alvarellos**  
EDITORA

*Libros do Sarela*

© ALVARELLOS EDITORA, 2014  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Pablo Bouza Suárez

Deseño e maquetación: Xacobe Neto [Alvarellos Editora]  
Impreso en Tórculo

Depósito Legal C 1030-2014  
ISBN 978-84-89323-60-5

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*Lume nas sombras  
lume nas sombras do corpo  
lume vivo  
no fondo  
das sombras vivas  
do corpo  
lume vivo que doe aínda nas sombras  
arde o amor xeado na soidade  
arde o desexo vivo nesta sombra  
lume da morte que nos queima  
no camiño da vida  
lume da vida que nos queima  
no camiño da morte.*

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO





*A* MODO DE LIMIAR



## OS VERSOS DO VENTO

REZABAMOS ao redor da mesa da cociña  
alumeados pola vela bendicida na Candeloria.  
Era noite de galerna e coma sempre  
a avoa fechaba portas e ventás  
e comezaba a laiarse cada vez  
que un lóstrego escintilaba  
na noite pecha de novembro.

Santa Bárbara bendita e a súa corte  
de santificados acudían aos seus beizos  
que tremían ante cada estoupido  
dos infernos.

A min, gustábanme as treboadas,  
a inmensidade do ceo  
aberta en físgoas de luz,  
o cheiro eléctrico da terra mollada,  
baleirar os enchufes da casa,  
o nariz xeado apaxando os vidros,  
facer cálculo mental co meu irmán  
do tempo entre lóstrego e trebón  
para achar a distancia exacta da tronada.

A min, gústanme as treboadas,  
o arrepío do ceo a escribir  
poemas de luz,

e o mar;

o mar, a ler  
os versos  
do vento.

## FUTURO HIPOTÉTICO

Terei que contarvos a verdade:

teño 43 anos,  
2 fillos adolescentes,  
xa non decido a forma do meu peiteado,  
cando miro atrás vexo moitos mortos,  
os trienios acumúlanse na miña nómina,  
conducín coches que xa son históricos,  
repito cada vez máis as miñas historias,  
medran hedras nas pedras dos meus lugares,  
cantaruxo cancións de vellos vinilos,  
recoñézome nos erros do pasado,  
sigo a porfiar coas vellas manías,  
trátanme de vostede os amigos dos meus fillos,  
levo no meu peto un pen drive  
coa desconfianza do que agocha un pecado.

Terei que contarvos a verdade:

xa me vai pesando a vida  
coma o lastre dunha rede á procura  
das últimas simas do océano  
onde os peixes desafían o devezo dos homes  
por encher os peiraos  
de bocas arfando no inevitable futuro.

## BERROS

INTENTO berrar estando calado  
cando os sons da casa amolecen  
no devalar das horas da tarde,  
cando os rebumbios dos fillos  
trocan en respiracións monótonas,  
cando o cheiro agre da suor do día  
esvaece nos sumidoiros dos baños.

Intento non mirar o gume da cidade  
por non reflectir o pouso dos iris  
cansados de observar a mesma coita  
dos días fuxidíos sen remedio,  
dos amigos dos que non sabemos ren,  
das esgrevias peles que hidratamos coa noite.

Intento berrar e non son quen,  
e procuro o vértice do mar  
que contemplo na xanela desta casa  
na que habito emigrado de desexos,  
morada espuria,  
hipotecada de recordos,  
sen trabes á vista  
agochadas nas vidas de outros,  
de ruídos que espertan o sono.

Quero berrar e non podo,  
son unha áncora fendida nas rochas  
dun tempo perdido,  
unha fonte a estiñar o pasado.

## MENTIRAS

INTENTO procurar a emoción  
nas pequenas cousas do cotián.  
Erguerme sempre co pé dereito.  
Tomar os niveis da tensión arterial  
e correr a dicirche na cociña  
que hoxe a teño baixa.  
Que non me doe o xeonllo.  
Que a artrite foi un erro médico.  
Que o meu pai segue vivo.  
Que non chove e vai un día de verán.  
Que te vexo máis nova cada día.  
Que hoxe é festivo e que iremos xantar  
nalgún lugar da costa.  
Que a nai xa non sente a ausencia.  
Que xa teño as vacacións programadas,  
e que iremos a Florencia, todos xuntos,  
e seremos felices.  
Que xa hai sitio nos armarios,  
e habitacións baleiras,  
e flores abeiradas na terraza.  
Que pían os paxaros á tardiña  
co rebumbio da ignorancia.

Que iremos a China,  
os dous collidos da man,  
e volveremos cun pequeno de ollos lizgaios  
e pelo acibeche